

INFORMACIÓN SOBRE O EXPEDIENTE MATRIMONIAL

- *É obrigatorio que un dos contraentes estea empadroado en Cambados.*
- *O día da cita deberán acudir os dous a entregar o formulario e a documentación indicada.*
- *Por favor, antes de pedir cita comprobe que ten toda a documentación necesaria, que é a seguinte:*

DOCUMENTACIÓN XERAL:

-Certificación literal actual de nacemento de ambos, expedida polo Rexistro Civil do lugar de nacemento (máximo 6 meses de antigüidade)

-Certificación de empadronamento actual ou residencia acreditativa do domicilio de ambos contraentes dos dous últimos anos (máximo 3 meses de antigüidade). En caso de non residir en España durante os últimos dous anos, o certificado de empadronamento será expedido polo consulado ou autoridade competente do país no que residiu.

-Formulario de declaración xurada debidamente cuberto e asinado polos dous.

-Fotocopia do DNI/NIE/ PASAPORTE de ambos interesados.

-Fotocopia do libro de familia común, no seu caso.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA:

- ✓ PARA MENORES DE IDADE: Se son maiores de 16 anos na certificación literal de nacemento debe constar nota marxinal de emancipación. Se son maiores de 14 anos e menores de 16 deben obter previamente a dispensa xudicial.
- ✓ PARA DIVORCIADOS O ANULACIÓNS MATRIMONIAIS ANTERIORES: Certificación literal de matrimonio con nota marxinal de DIVORCIO ou NULIDADE . As sentenzas de divorcio ditadas por tribunais extranxeiros necesitan Exequátur das mesmas , convalidación (Sala 1ª do Tribunal Supremo)
- ✓ PARA VIUVOS: Certificación literal de matrimonio anterior e certificación literal do cónxuxe falecido.
- ✓ PARA ESTRANXEIROS: Certificado de estado civil ou capacidade matrimonial* (ver explicación no epígrafe posterior) que acredite o estado civil no momento de contraer matrimonio, ou anterior ao matrimonio, expedido polo consulado, a embaixada ou a autoridade competente do sei país de orixe (caducidade: 6 meses).

Os cidadáns dos seguintes países que desexen contraer matrimonio en España deben aportar un certificado de capacidade matrimonial ou certificado da imposibilidade de expedición, emitido polo seu país de orixe: Austria, Italia, Luxemburgo, Antillas Neerlandesas e Países Baixos e Portugal.

- ✓ PARA ASILADOS, REFUXIADOS POLÍTICOS OU SOLICITANTES DE ASILO OU REFUXIO: deberán aportar certificado da Dirección Xeral da Policía, de ACNUR, da Cruz Vermella española ou doutro organismo, con tódolos datos persoais dos interesados (nome, apelidos, data e lugar de nacemento, nome dos país, sexo, estado civil e domicilio actual), acreditativo na súa condición de tal.

TODA A DOCUMENTACIÓN QUE NON SEXA ESPAÑOLA (SALVO OS CERTIFICADOS EUROPEOS PLURILINGÜES), DEBERÁ TRADUCIRSE POLO TRADUTOR XURADO E LEGALIZARSE POLO CONSULADO ESPAÑOL NESE PAIS OU APOSTILLA DA HAYA. En caso de non estar legalizado nin traducido, deberá acudir ao Ministerio de Asuntos Exteriores (rúa Xeneral Pardiñas)

Aqueles solicitantes que non saiban falar en galego ou castelán, deberán comaprecer asistidos de tradutor xurado ou intérprete.

DEBERÁN COMPARECER O DÍA DA CITA CO SEU DNI/PASAPORTE/NIE.